



ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2012-2013

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2012-2013 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

-Decreto 30/2007, do 15 de marzo. (DOG, 16/03/2007).

-Orde do 17 de marzo de 2007. (DOG, 19/03/2007).

-Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para o proceso de admisión

2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos)	15	Primeiro	00
Quinto (4 anos)	00	Segundo	02
Sexto (5 anos)	00	Terceiro	00
		Cuarto	00
		Quinto	12
		Sexto	05

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 15º da Orde do 17 de marzo de 2007, DOG do 19).

3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no plano e documento exposto neste taboleiro de anuncios. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Adormideras.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en Conserxería), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio, no horario dispoñible, en calquera dos días lectivos do **mes de marzo e ata o 10 de abril**, debendo ir acompañadas da copia do libro familia onde estea inscrito o neno ou nena. Ademais entregarase a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado.

5.PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS.

.A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente. Na solicitude de admisión, na columna **Puntuación (folia 2 do anexoll** da Orde), os/as solicitantes deben cubrir os datos numéricos, realizando unha autobaremación.

6. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

-**Día 27 de abril.**- Publicación da resolución provisional de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles.

-**Dentro dos 10 días seguintes ao da publicación da resolución provisional**, unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, **farase pública a resolución definitiva** de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante o Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

7. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 29 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

1. Transporte escolar. Non existe.

2. Comedor escolar .

-Xestionado pola ANPA do Colexio.

-Lexislación aplicable: Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 06/02/07).

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación. (DOG, 05/03/07)

3. Actividades Extraescolares.

- Organizadas e xestionadas pola ANPA do Colexio

- Horario do local do ANPA: martes de 16 a 18 h e xoves de 17:15 a 19h.

OBSERVACIÓN IMPORTANTE

Cada solicitante poderá presentar **unha única solicitude asinada polos dous cónxugues** relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros públicos nos que solicita praza. Esta instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar. **No caso de que o solicitante presente por error máis dunha solicitude, no mesmo ou noutros centros públicos, a orde de prelación determinarase atendendo ás datas de rexistro de entrada.** As solicitudes entregadas fora de prazo enviaranse directamente á Comisión de Escolarización de A Coruña.

A Coruña, 1 de marzo de 2012

Vº e Prace, o Director

A Secretaria.

Asdo. Mario R. Suárez Hermida.

Ana Mª Rocha Souto